RÚBRICA DE COAVALIACIÓN DOS CARTEIS

	Chef	**Cociñeiro/a**	**Pinche**
De quen ves sendo? Galego 100%	O alimento é representativo da gastronomía ou da industria alimentaria galega, sendo relevante na nosa zona ou preto da nosa zona *(2.0)* ☐	O alimento pertence á gastronomía ou á industria alimentaria galega pero non é relevanente na nosa zona ou nalgunha zona preto da nosa contorna. *(1.0)* ☐	O alimento pode comerse en Galicia pero non é importante na súa gastronomía ou industria alimentaria. *(0.5)* ☐
Entra polos ollos. Deseño visual.	O deseño visual conecta co alimento e co anuncio, e resulta creativo e orixinal, incitando a querer probar ou mercar o alimento. Ademais quedan ben xustificadas as propostas de deseño na exposición. *(2.0)* ☐	O deseño visual conecta co alimento e co anuncio ou eslogan. Non resulta creativo e orixinal pero incita a querer probalo ou mercalo. Quedan ben xustificadas as propostas de deseño na presentación. *(1.0)* ☐	O deseño visual conecta co alimento ou anuncio, pero non resulta creativo nin orixinal nin da moitas ganas de probar ou mercar o alimento, ou non quedaron ben xustificadas as propostas de deseño. *(0.5)* ☐
Fervendo. Calidade da animación.	A velocidade da animación é optima con respecto ao tempo de duración, nin moi lenta nin moi rápida. *(2.0)* ☐	A velocidade da animación é correcta, pero faise algo lenta ou algo rápida. *(1.0)* ☐	A velocidade da animación é incorrecta, faise moi lenta ou moi rápida. *(0.5)* ☐
Menú á carta. Cores e letras.	A proposta cromática e tipografíca é harmoniosa e quedou ben xustificada na presentación do anuncio, axundado a que podamos lembralo mellor. *(2.0)* ☐	As cores e a tipografía son correctas con respecto ao anuncio pero non quedaron ben xustificadas na presentación. *(1.0)* ☐	As cores ou a tipografía non acompañan ben ao anuncio, non están ben integradas no proxecto. *(0.5)* ☐
Comedor social.	Queda ben xustificada na exposición que na proposta de deseño se tivo en conta a claridade e a accesibilidade do cartel. *(2.0)* ☐	Queda ben xustificada na exposición que na proposta de deseño se tivo en conta a claridade e a accesibilidade do cartel, pero o resultado final non é en parte comprensible. *(1.0)* ☐	Non queda ben xustificada na exposición que na proposta de deseño se tivo en conta a claridade e a accesibilidade do cartel. *(0.5)* ☐

"Rúbrica de coavaliación dos carteis", do proxecto *cREAgal*, publícase baixo Licenza Creative Commons Atribución Non comercial Compartir igual 4.0